



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Economía Ambiental		Código	610500025	
Titulación	Mestrado Universitario en Ciencias. Tecnoloxías e Xestión Ambiental (plan 2012)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía Aplicada 1				
Coordinación	Dopico Castro, Jesus angel		Correo electrónico	jesus.angel.dopico@udc.es	
Profesorado	Dopico Castro, Jesus angel		Correo electrónico	jesus.angel.dopico@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Os obxectivos desta materia son a análise dos principios fundamentais da economía ambiental e dos recursos naturais e o estudo dos fundamentos básicos das políticas ambientais. Con esos obxectivos abórdanse a relación entre economía e medio ambiente, os indicadores de sustentabilidade, os principais obxectivos e instrumentos de política económica ambiental e a aplicación das políticas ambientais á empresa.				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A18	Coñecer as implicacións económicas dos problemas ambientais, os instrumentos de política económica e os principais indicadores ambientais.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B8	Comprender, a un nivel especializado, as consecuencias do comportamento humano na contorna ambiental.
C7	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C9	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Análise económica da sustentabilidade ambiental. Interpretación da información relevante para o deseño e a instrumentación de políticas de sustentabilidade, tanto no eido do sector público coma no da empresa privada.	AM18	BM2 BM8	CM7 CM9
Estudo dos indicadores de sustentabilidade que permitan avaliar o nivel de cumprimento de obxectivos de sustentabilidade dos países e das empresas.	AM18	BM2 BM8	CM7 CM9
Identificación e análise dos principais obxectivos e instrumentos de política económica ambiental e a súa aplicación ó eido da empresa.	AM18	BM2 BM8	CM7 CM9
Capacidade analítica e de síntese para a interpretación e resolución de problemas de xestión ambiental dende unha perspectiva económica.	AM18	BM2 BM8	CM7 CM9

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1. Economía, mercados e políticas	1.1. O funcionamento da economía 1.2. Microeconomía e mercados 1.3. Equilibrio macroeconómico 1.4. Políticas económicas



Tema 2. Desenvolvemento económico e sustentabilidade	2.1. Os límites do crecemento 2.2. Economía da sustentabilidade 2.3. Sustentabilidade débil e sustentabilidade forte 2.4. As preferenzas temporais
Tema 3. Indicadores de sustentabilidade	3.1. Indicadores económicos 3.2. Indicadores sociais e ambientais 3.3. Indicadores de sustentabilidade débil 3.4. Indicadores de sustentabilidade forte
Tema 4. Análise económica do medio ambiente e dos recursos naturais	4.1. Actividade económica, medio ambiente e recursos naturais 4.2. Economía dos recursos naturais 4.3. Economía da contaminación 4.4. Valoración ambiental
Tema 5. Política ambiental	5.1. Obxectivos de política ambiental 5.2. Instrumentos de política ambiental 5.3. Fiscalidade ambiental 5.4. A política do cambio climático
Tema 6. A política ambiental na empresa	6.1. A aplicación da política ambiental na empresa 6.2. A responsabilidade ambiental da empresa 6.3. Índices de sustentabilidade empresarial 6.4. Empresa e cambio climático

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	5	7
Sesión maxistral	13.5	27	40.5
Proba de resposta breve	2	0	2
Estudo de casos	5	17.5	22.5
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación ampla da materia con exposición de contidos da mesma, material a empregar e fórmula de avaliación.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos teóricos básicos do programa da materia. Puntuaráse a asistencia dos alumnos ás sesións maxistrais.
Proba de resposta breve	Proba de respostas breves sobre o contido teórico da materia
Estudo de casos	Análise de casos prácticos relacionados cos contidos da materia e de lecturas destinadas á comprensión dos contidos teóricos da materia. Estes estudos incluírán un cuestionario que os alumnos deberán responder en clase e puntuarán para a calificación final.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Estudo de casos Actividades iniciais Proba de resposta breve	A atención persoalizada ten un carácter integral referida tanto ós contidos teóricos como prácticos da materia. En consecuencia todas as metodoloxías inclúen dita atención persoalizada.



Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia a clase dos alumnos cun máximo de 2 puntos.	20
Estudo de casos	Valorarase a entrega de casos prácticos nas clases da materia destinadas a tal fin. Consistirán nunha serie de casos e lecturas proporcionadas ós alumnos cun breve cuestionario sobre as mesmas.	30
Proba de resposta breve	Proba sobre o contido das sesións maxistrais cun valor máximo de 5 puntos.	50

Observacións avaliación

Para superar a materia será preciso obter 5 puntos en total, sin que sexa preciso obter nungún mínimo en cada unha das partes con puntuación na avaliación final.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Martín Palmero, F. ed (2004). Desarrollo sostenible y huella ecológica. A Coruña. Netbiblo- Field, B. C. y Field, M.K. (2003). Economía Ambiental. Madrid. McGraw-Hill- Labandeira, X; León, C.J. y Vázquez, M.X. (2007). Economía ambiental. Madrid. Pearson Prentice Hall- Pearce, D.W. y Turner, R.K. (1995). Economía de los recursos naturales y del medio ambiente. Madrid. Celeste Ediciones- Dopico Castro, J. A. e Iglesias Gómez, G. (2010). Economía sostenible. Teoría y Política. A Coruña. Netbiblo- Dasgupta, P. (2009). Economía. Una breve introducción. Madrid. Alianza Editorial- Krugman, P.; Wells, R. y Olney, M.L. (2008). Fundamentos de economía. Barcelona. Reverté- Giddens, A. (2010). La política del cambio climático. Madrid. Alianza Editorial- Erias Rey, A. y Dopico Castro, J. A. (2011). Los mercados de carbono en la Unión Europea. Revista Galega de Economía- Bermejo, R. (2011). Manual para una economía sostenible. Madrid. Catarata- Stiglitz, J. E y Walsh, C. E. (2008). Microeconomía. Barcelona. Ariel Economía y Empresa- Cuadrado Roura, J. R. (dir.) (2010). Política económica. Elaboración, objetivos e instrumentos. Madrid. McGrawHill
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías